



HISTORIA DO MOVEMENTO FEMINISTA



Símbolo feminista (Pepe Piton-CC0 1.0)



ÍNDICE

HISTORIA DO MOVEMENTO FEMINISTA

1. A FORMACIÓN E O DESENVOLVEMENTO DO MOVEMENTO FEMINISTA.....	1
1.1 Introducción.....	1
1.2 Antecedentes do Movemento feminista.....	1
1.3 A primeira onda do Movemento feminista (1848-1940).....	2
<i>Exercicios</i>	5
1.4 A segunda onda do Movemento feminista (1960-1980).....	6
1.5 A terceira onda do Movemento feminista (1990-2010).....	7
<i>Exercicios</i>	9
SOLUCIÓNS.....	10



1. A FORMACIÓN E O DESENVOLVEMENTO DO MOVEMENTO FEMINISTA

1.1 Introducción

A loita das mulleres para a consecución dos seus dereitos é un dos exemplos de loita máis emblemáticos da Historia da Humanidade. A través do seu esforzo e das súas reivindicacións conseguiron revolucionar o seu papel dentro da sociedade mellorando as súas condicións de vida. Este proceso de loita denominámolo *Movemento feminista*, e vén articulado a través dunha serie de vagas ou de ondas reivindicativas. Estas diversas ondas do Movemento feminista, cada unha con enfoques e matices propios, permitiron que se cuestionasen os modelos tradicionais e se abrisen novos camiños cara a unha sociedade máis xusta e equitativa.

Ao longo desta unidade analizaremos as distintas ondas que guiaron o Movemento feminista na súa loita para acadar os seus obxectivos. A nivel xeral, veremos como a primeira onda se centrou principalmente no intento de conseguir o dereito ao sufraxio e a igualdade legal, e como acadou avances políticos e xurídicos fundamentais. A segunda onda, impulsada polas revolucións culturais e a loita polos dereitos civís dos anos 1960-1970, ampliou o debate para incluír temas como a desigualdade laboral, os dereitos reprodutivos e a liberdade sexual. A terceira onda do feminismo, que se desenvolveu a partir da década de 1990, incorporou unha perspectiva que recoñece que a experiencia da muller non é única e que factores como a raza, a clase social e a orientación sexual se entrelazan para formar realidades diversas, ampliando así o campo de acción e permitindo que as mulleres de contextos menos privilexiados tivesen voz na loita pola igualdade.

Por todo isto, veremos como a loita feminista é unha das realidades máis transformadoras que axitaron a Historia da Humanidade e que non só se materializou en cambios legais, senón que tamén transformou a percepción cultural e social da muller, deixándonos un legado que debe servir de base para seguir avanzando e garantir un futuro onde a igualdade sexa unha realidade consolidada en todos os ámbitos da vida e en todos os territorios do mundo.

1.2 Antecedentes do Movemento feminista

As raíces do feminismo poden rastrexarse ata os tempos antigos, aínda que o movemento organizado comezou a tomar forma durante a Ilustración. Aínda que moitos ilustrados defendían a razón e a liberdade como principios universais, a maioría excluía as mulleres destas reflexións. Porén, tamén xurdiu nese contexto un primeiro pensamento feminista que cuestionou esa exclusión.

Será neste momento cando se planten as sementes do feminismo moderno ao aplicar os principios ilustrados tamén ás mulleres e cuestionar a súa exclusión da cidadanía plena. Esta foi unha loita moi difícil nun contexto aínda moi patriarcal, pero marcou un antes e un despois na historia da loita pola igualdade.

As pensadoras máis destacadas deste período foron:

- **Olympe de Gouges:** na Francia da Revolución redacta a súa *Declaración dos dereitos da muller e da cidadá* (1791) como resposta á Declaración dos dereitos do home e do cidadán. Nesta declaración reclama a igualdade política e o dereito ao voto para as mulleres. Acabará sendo executada en 1793 durante a etapa máis radical da Revolución Francesa.
- **Mary Wollstonecraft:** pensadora británica, escribe en 1792 *A vindicación dos dereitos da muller*, onde defende que as mulleres non eran inferiores aos homes por natureza, senón pola falta de educación.



Retrato de Mary Wollstonecraft (John Opie-PDM 1.0)


1.3 A primeira onda do Movemento feminista (1848-1940)

A primeira onda do Movemento feminista está a cabalo entre o século XIX e XX. Durante este dilatado período centrouse fundamentalmente en loitar pola igualdade legal básica das mulleres, especialmente en ámbitos políticos e sociais. A loita polo sufraxio feminino foi unha das batallas máis importantes do Movemento feminista nesta primeira ondata. Este movemento desafiou as estruturas seculares que excluían as mulleres da vida política e as relegaban a roles estritamente domésticos.

O punto de partida foi a **Convención de Seneca Falls (1848)**, organizada por Elizabeth Cady Stanton e Lucretia Mott, onde se demandaron tanto o dereito ao voto coma outros dereitos legais. Estas reivindicacións foron recollidas por mulleres de diversos países, facendo que a loita continuase a través de distintas estratexias.

Nos Estados Unidos, Susan B. Anthony e Elizabeth Cady Stanton lideraron un movemento, o *National Woman Suffrage Association* (NWSA), que propugnaba accións de desobediencia civil e incluso intentos de votar ilegalmente. Por outra banda, o movemento liderado por Lucy Stone, o *American Woman Suffrage Association* (AWSA), adoptou un enfoque máis moderado, buscando convencer os lexisladores e obter o apoio popular sen recorrer a tácticas de confrontación.

No Reino Unido, esta división entre tácticas tamén estivo presente. Por un lado, o movemento liderado por Millicent Fawcett, o *National Union of Women's Suffrage Societies* (NUWSS), defendía a loita a través da educación e das reivindicacións políticas sen violencia, representando un enfoque constitucional e pacífico, mentres que a asociación



Lista de asinantes da declaración de sentimentos

(<https://pbs.twimg.com/media/CKXzBSKWwAEZQT8.jpg> CC BY-SA 4.0)

liderada por Emmeline Pankhurst, o *Women's Social and Political Union* (WSPU), adoptou tácticas máis radicais e militantes, como actos de desobediencia que incluían vandalismo e incendios, para chamar a atención pública e forzar que a cuestión do sufraxio fose discutida a nivel nacional.



Emmeline Pankhurst ante unha multitude (Bain News Service PDM 1.0)


O primeiro país en aprobar o sufraxio feminino foi Nova Zelandia, no ano 1893, grazas á campaña de Kate Sheppard, cuxa imaxe aparece nos billetes de 10 dólares neozelandeses. A partir de aí, seguiron Australia (1902), Finlandia (1906), Noruega (1913) e Dinamarca (1913).

Un elemento fundamental para o triunfo desta reivindicación foi o papel desempeñado polas mulleres na I Guerra Mundial. A incorporación masiva de mulleres ao mercado laboral para ocupar o lugar dos homes mobilizados polo conflito evidenciou a súa capacidade para contribuír na mesma medida que os varóns ao sistema produtivo, o que aumentou de maneira importante o apoio público á causa. Numerosos países europeos aprobaron o sufraxio feminino durante este período, aínda que, no Reino Unido, a plena igualdade cos homes vai ter que agardar ata 1928, xa que o sufraxio aprobado xusto despois da I Guerra Mundial só permitía que votasen as mulleres maiores de 30 anos.




Mulleres reivindicán o dereito ao voto nos EE.UU. (State Archives of Florida-PDM 1.0)

A Primeira Onda do Feminismo: Unha viaxe cara ao sufraxio



En España, o dereito ao voto das mulleres foi reconecido por primeira vez na Constitución de 1931, durante a Segunda República. A primeira vez que votaron nas eleccións xerais foi en novembro de 1933. Na loita polo sufraxio feminino no noso país destaca claramente o labor de Clara Campoamor, avogada, escritora e política, que foi a principal propulsora da súa aprobación.



Mapa da aprobación por décadas do sufraxio feminino (Scann-CC0 1.0)



EXERCICIOS

Exercicio 1

Que feito marcou o inicio simbólico da primeira onda do Movemento feminista?

- a) A fundación da ONU.
- b) A aprobación do voto feminino en España.
- c) A publicación do libro *O segundo sexo*.
- d) A convención de Seneca Falls.

Exercicio 2

Que país foi o primeiro en aprobar o *sufraxio feminino*?

- a) Reino Unido.
- b) Nova Zelandia.
- c) Australia.
- d) Finlandia.

Exercicio 3

Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

1. Olympe de Gouges foi executada durante a Revolución Francesa pouco despois de redactar a *Declaración dos dereitos da muller e da cidadá*.
2. A incorporación das mulleres ao traballo durante a I Guerra Mundial foi clave para aumentar o apoio ao sufraxio feminino en Europa.
3. Nova Zelandia foi o primeiro país en aprobar o sufraxio feminino, no ano 1893.
4. Clara Campoamor foi unha das principais impulsoras do voto feminino en España durante a Segunda República.
5. A primeira vez que as mulleres votaron en España foi nas eleccións xerais de 1940.

1.4 A segunda onda do Movemento feminista (1960-1980)

A segunda onda do Movemento feminista desenvolveuse aproximadamente entre as décadas de 1960 e 1980, aínda que as súas raíces comezan a xestarse na década anterior, en reacción ao modelo tradicional de muller imposto despois da Segunda Guerra Mundial. Esta fase do Movemento feminista supuxo unha expansión das demandas máis alá do sufraxio, conquistado na maior parte dos países occidentais na primeira metade do século XX.

A segunda onda caracterizouse por unha loita pola igualdade real, centrada en cuestións sociais, culturais, sexuais e laborais. O movemento estendeuse especialmente por países como os Estados Unidos, Francia, Reino Unido ou Italia, pero tamén tivo ecos importantes en España, sobre todo na etapa final do Franquismo e durante a Transición democrática.

A diferenza da primeira onda, centrada na igualdade legal e política, a segunda onda do feminismo puxo o foco na igualdade real e material, denunciando as desigualdades que persistían no ámbito privado e na vida cotiá.

Esta segunda onda estivo fortemente influenciada polos movementos sociais da época, como o movemento polos dereitos civís, o pacifismo, o Maio do 68, o movemento *hippie* ou as loitas anticoloniais, e recolleu de todas elas a vontade de transformar a sociedade dende abaixo.

As principais características desta etapa foron:

- **A crítica ao patriarcado:** denúnciase que o sistema patriarcal condiciona todas as esferas da vida, como a familia, o traballo, a sexualidade, a cultura...
- **A reivindicación da liberdade sexual:** defendeuse o dereito das mulleres a decidir sobre o seu corpo, incluído o acceso aos anticonceptivos e ao aborto.
- **A loita pola igualdade laboral:** exixíronse salarios iguais, acceso aos postos de responsabilidade e medidas de conciliación.
- **A revalorización da experiencia feminina:** comezouse a poñer en valor o testemuño, o corpo e as emocións das mulleres, como parte do discurso político e social.
- **A organización en colectivos:** xurdiron grupos feministas autónomos, assemblearios e afastados das institucións tradicionais.



Simone de Beauvoir en Beixing
(autor descoñecido-PDM 1.0)

Durante esta etapa diversas autoras desenvolveron obras fundamentais de referencia para o pensamento feminista. Algunhas das máis destacadas foron:

- **Simone de Beauvoir** (Francia): é unha das autoras de referencia máis importantes. Na súa obra *O segundo sexo* (1949) analizou como a muller foi construída historicamente como "o outro", en relación co home, e afirmou que "non se nace muller, chégase a selo".
- **Betty Friedan** (EE.UU.): publicou en 1963 *A mística da feminidade*, onde denunciaba o malestar das amas de casa estadounidenses atrapadas nun ideal de felicidade que as anulaba como persoas.
- **Kate Millett** (EE.UU.): autora de *Política sexual* (1970), analiza como a cultura e a literatura reproducen estruturas patriarcais e como a sexualidade está politizada. É unha pensadora clave dentro do feminismo radical.

En España, a represión franquista limitou o desenvolvemento do feminismo ata a década de 1970. Nese movemento xurdiron grupos como o Movemento Democrático de Mulleres ou o Colectivo Feminista de Barcelona. A finais da década de 1970, o feminismo converteuse nun actor político clave na loita pola legalización do aborto, o acceso aos anticonceptivos e a igualdade legal na nova democracia.

En conclusión, a segunda onda do feminismo supuxo un cambio profundo na maneira de entender o papel das mulleres na sociedade. Grazas ás súas loitas e teorías, temas como a sexualidade, a familia, o traballo ou o corpo entraron no debate público dende unha perspectiva feminista. Os avances legais foron importantes, pero, sobre todo, esta onda logrou transformar a conciencia social e poñer as bases para o feminismo contemporáneo.

1.5 A terceira onda do Movemento feminista (1990-2010)

A terceira onda do Movemento feminista desenvolveuse aproximadamente entre os anos 1990 e 2010, aínda que as súas influencias continúan no feminismo contemporáneo. Esta onda xorde como reacción ás limitacións percibidas na segunda onda do Movemento feminista, especialmente en canto á súa tendencia a representar unha experiencia feminina universal, centrada fundamentalmente en mulleres brancas, de clase media e heterosexuais.

Este novo ciclo emerxe nun contexto marcado por cambios sociais acelerados, como a globalización, a aparición da internet, a expansión do Neoliberalismo e os avances legais na igualdade formal en moitos países. As feministas da terceira onda adoptan unha postura crítica e plural, reivindicando unha maior diversidade de voces e experiencias.

A terceira onda non se organiza arredor dunha única demanda central, como o sufraxio ou a igualdade laboral, senón que se caracteriza pola súa diversidade, descentralización e a aposta pola *interseccionalidade*. De feito, este será un concepto clave no feminismo contemporáneo, e fai referencia á maneira en que diferentes formas de discriminación ou

opresión, como o machismo, o racismo, a LGTBfobia, entre outras, se combinan e se superpoñen na vida das persoas, provocando que non todas as mulleres vivan o machismo da mesma maneira, porque a súa realidade está condicionada tamén pola súa clase social, orixe, sexualidade, identidade de xénero ou discapacidade.

As ideas clave desta terceira onda do Movemento feminista serán:

- **A interseccionalidade:** como acabamos de ver é un concepto básico que analiza como diferentes formas de discriminación se entrecruzan.
- **A diversidade e identidade:** rexeitamento da idea de muller como categoría homoxénea. Reivindican a pluralidade de voces femininas, especialmente as antes silenciadas.
- **O apoderamento e a autoafirmación:** promoción do dereito a decidir sobre os corpos, os desexos, a estética e a expresión de xénero, sen reproducir o moralismo nin a culpa.
- **O activismo dixital:** a internet e as redes sociais convértense nun espazo fundamental para a denuncia, a organización e para facer visible a violencia e as desigualdades.

Na terceira onda do Movemento feminista algunha das teóricas máis destacadas son as seguintes:

- **Kimberlé Crenshaw** (EE.UU.): xurista afroamericana que acuñou o termo *interseccionalidade*, clave para entender as múltiples capas de opresión que poden afectar unha persoa.
- **Judith Butler** (EE.UU.): filósofa que na súa obra *O xénero en disputa* cuestiona a idea de xénero como algo natural e defende que é unha construción social.
- **Chandra Talpade Mohanty** (India): teórica do feminismo colonial. Critica a visión etnocéntrica dalgunha das correntes feministas occidentais e propón un feminismo que respecte as voces daquelas mulleres que non pertencen ao mundo occidental desenvolvido.



Judith Butler
(Universidade de
California, Berkley- PDM
1.0)

En xeral, a terceira onda do feminismo supuxo unha profunda renovación do movemento. Apostou pola inclusión, a diversidade e a ruptura de fronteiras identitarias, acadando un pensamento máis crítico e adaptado á complexidade do mundo actual. Sen abandonar as conquistas das vagas anteriores, ampliou o enfoque e sentou as bases dun feminismo global, interseccional e transformador, que continua evolucionando no século XXI.



EXERCICIOS

Exercicio 4

Cal destas características define mellor a segunda onda do feminismo?

- a) A loita polo dereito ao sufraxio feminino e á educación das mulleres.
- b) A defensa do voto para as mulleres en Europa Oriental.
- c) A loita pola igualdade real en ámbitos como o traballo, a sexualidade e a vida privada.
- d) A participación das mulleres nas guerras mundiais.

Exercicio 5

Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- a) Kate Millett denunciou o papel da cultura e da literatura na perpetuación do patriarcado.
- b) En España, o feminismo comezou a organizarse con forza a finais da ditadura franquista.
- c) Simone de Beauvoir foi unha pensadora francesa que escribiu *A mística da femineidade*.
- d) A segunda onda do feminismo ampliou as demandas feministas a cuestións como a liberdade sexual e a igualdade no traballo.

Exercicio 6

Cal das seguintes afirmacións define mellor o concepto de *interseccionalidade*?

- a) A análise da combinación de diferentes formas de discriminación que afectan as persoas segundo o seu xénero, raza, clase ou orientación sexual.
- b) A idea de que todas as mulleres viven exactamente as mesmas opresións polo feito de serlo.
- c) A defensa exclusiva dos dereitos das mulleres de países desenvolvidos.



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

- d) A convención de Seneca Falls.

Exercicio 2

- b) Nova Zelandia.

Exercicio 3

- a) Olympe de Gouges foi executada durante a Revolución Francesa pouco despois de redactar a *Declaración dos dereitos da muller e da cidadá*. **Verdadeiro.**
- b) A incorporación das mulleres ao traballo durante a I Guerra Mundial foi clave para aumentar o apoio ao sufraxio feminino en Europa. **Verdadeiro.**
- c) Nova Zelandia foi o primeiro país en aprobar o sufraxio feminino, no ano 1893. **Verdadeiro.**
- d) Clara Campoamor foi unha das principais impulsoras do voto feminino en España durante a Segunda República. **Verdadeiro.**
- e) A primeira vez que as mulleres votaron en España foi nas eleccións xerais de 1940. **Falso. Foi en 1933.**

Exercicio 4

- c) A loita pola igualdade real en ámbitos como o traballo, a sexualidade e a vida privada.

Exercicio 5

- a) Kate Millett denunciou o papel da cultura e da literatura na perpetuación do patriarcado. **Verdadeira.**
- b) En España, o feminismo comezou a organizarse con forza a finais da ditadura franquista. **Verdadeira.**
- c) Simone de Beauvoir foi unha pensadora francesa que escribiu *A mística da feminidade*. **Falsa. Escribiu O segundo sexo.**
- d) A segunda onda do feminismo ampliou as demandas feministas a cuestións como a liberdade sexual e a igualdade no traballo. **Verdadeiro.**

Exercicio 6

- a) A análise da combinación de diferentes formas de discriminación que afectan as persoas segundo o seu xénero, raza, clase ou orientación sexual.